



CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26 DE XULLO DE 2012.

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e seis de xullo de dous mil doce, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Jesús Vázquez García
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Partido Popular (PP):

D.^a Antonia M.^a Sanjurjo Seijas (voceira)
D.^a Silvia M.^a Vázquez Cardelle
D.^a Isabel Prado Gómez
D. Fernando Abruñedo Fernández

Concelleiros non adscritos

D. Antón Sánchez García
D. Juan Antonio Fariña Pedreira

Non asiste:

D. Alberto Feijoo Rodríguez (PP)

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
O secretario xeral: D. Federico Suárez Cancelo

ORDE DO DÍA

- 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2012.
- 2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 432/2012, DE 3 DE XULLO, EN RELACIÓN COA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO.
- 3.- EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN 1/2012, REFERENTE A CAMIÑO NO LUGAR DE LEIRAS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO EXERCICIO DE ACTIVIDADES DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS E REALIZACIÓN DE DETERMINADAS OBRAS PREVIAS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

5.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS CO MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE SERVIZOS SOCIAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

7.- ASUNTOS URXENTES

8.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2012.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión do día 28 de xuño de 2012. A Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular; non se formulan, polo que se aproba a dita acta por unanimidade.

2.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 432/2012, DE 3 DE XULLO, EN RELACIÓN COA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, do Decreto da Alcaldía 432/2012, que transcrito literalmente di:

“Mediante resolución desta Alcaldía nº 443/2011 de 4 de xullo, acordouse a creación da mesa permanente de contratación para a adxudicación de contratos de obra por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade, cando tales contratacións foran competencia da Alcaldía.

No punto segundo de tal resolución establecíase a designación como integrantes da citada mesa de contratación ás persoas que a continuación se relacionan:

Presidenta: A Alcaldesa D^a. Alejandra Pérez Máquez ou concelleiro da Corporación no que delegue.

Vogais: A Secretaria xeral do concello.

A Interventora municipal.

O arquitecto municipal.

O arquitecto técnico municipal.

Os/as integrantes designados por cada un dos grupos políticos que integran a corporación municipal; un representante por cada partido político.

Secretaria: A funcionaria administrativa do concello, adscrita ó Servizo de Contratación que actuará con voz pero sen voto.

Visto que con data de 18 de xuño de 2.012, (RE nº 4954/2012 do 18/06) D. Antón Sánchez García e D. Juan Antonio Fariña Pedreira presentaron escrito no que manifestan a súa vontade de deixar de formar parte do grupo municipal do B.N.G, e consonte con insto deben ser considerados como concelleiros non adscritos, quedando o grupo municipal do B.N.G con 0 integrantes, enténdese por esta Alcaldía que é necesario modificar a composición da Mesa permanente de contratación dos expediente de licitación dos contratos de obra competencia da Alcaldía.

Polo tanto tendo en conta a competencia que me atribúe a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, pola presente **RESOLVO:**

Primeiro: Modificar a composición da Mesa de contratación permanente designada mediante resolución desta Alcaldía nº 443/2011 de 4 de xullo, de xeito que quede integrada polos seguintes membros:

Presidenta: A Alcaldesa D^a. Alejandra Pérez Máquez ou concelleiro da Corporación no que delegue.

Vogais: O Secretario Xeral do concello.

A Interventora municipal.

O arquitecto municipal.

O arquitecto técnico municipal.

Un/Unha concelleiro/a integrante do Grupo Municipal do P.P.

Un/Unha concelleiro/a integrante do Grupo Municipal Veciños de Bergondo.

Un concelleiro non adscrito.

Secretario/a: Un/Unha funcionario/a do Concello.

Segundo: Manter invariables os restantes aspectos da resolución de Alcaldía nº 443/2011 de 4 de xullo.

Terceiro: Proceder á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, para o coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 21.4, parágrafo terceiro, do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente al LCSP.

Cuarto: Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Bergondo 3 de xullo de 2.012.=A Alcaldesa.=Alejandra Pérez Máquez.”

O Pleno queda enterado.

3.- EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN 1/2012, REFERENTE A CAMIÑO NO LUGAR DE LEIRAS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

“Visto que dadas as queixas e problemas manifestados reiteradamente por diversos veciños en relación a existencia dun camiño que desde a fonte e lavadoiros públicos, discorrería cara o lugar de Leiras, pola zona sur da parcela histórica 166, atravesando a parcela 114 e saíndo a estrada de Salvador de Bergondo entre as catastrais históricas 113 e 115, estando parte de tal camiño catastrado como público no catastro do ano 2.002, pero non figurando grafiado no catastro actual, resulta necesario clarexar e investigar formalmente o carácter público ou non do mesmo.

Visto que aos efectos de realizar os estudos e informes necesarios para de conformidade co previsto no artigo 48 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, determinar se concorren os presupostos par o exercicio da potestade de investigación, solicitouse a D. Pedro Zapta Roel Enxeñeiro Técnico Agrícola a realización de informe pericial sobre o citado camiño.

Logo de ver que con data de 6 de xuño de 2.012 (RE nº 5758/2012 do 4/07), presentouse o citado informe pericial onde se recollo e delimita efectivamente a existencia dun camiño que parcialmente estaba recollido como público no catastro do ano 2002.

Visto o informe emitido polo Secretario do Concello en relación á normativa aplicable e o procedemento a seguir para a tramitación dun expediente de investigación e de conformidade co previsto no artigo 49 de Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, proponse ao Pleno da Corporación que se adopte o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Incoar expediente de investigación 1/2012 da titularidade do camiño conducente á fonte e lavadoiro sitos no lugar de Leiras que presuntamente pertence ao Concello de Bergondo coa seguinte descrición:

-Camiño público que parte da estrada a San Salvador de Bergondo entre o muro que pecha a catastral 01 da mazá 20626 e a vivenda da catastral 01 da mazá 21611, cun ancho medio de 2,50 metros e unha lonxitude de 14,36 metros en dirección Oeste, sendo o pavimento de zahorra moi contaminada con terra, continuando cara o Oeste con firme de terra cun ancho medio de 1,20 e unha lonxitude de 19 metros pola zona sur do cauce que evacúa as augas da estrada á que verte unha taxea ubicada no vértice suroeste do muro que pecha a catastral 01 da mazá 20626, a 33 metros do camiño que cruza o cauce cara o norte do mesmo continuando entre muros de terre cun ancho de 80 centímetros en dirección Oeste e unha lonxitude de 49 metros ata confluír na fonte que verte as súas augas ao lavadoiro, sendo a lonxitude total do camiño de 82,36 metros.

Así como a descrición gráfica de mesmo que figura no Informe Pericial redactado con data de 6 de xuño de 2.012 polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Pedro Zapata Roel e que tivo rexistro de entrada neste Concello co número 5758 de 4 de xullo de 2.012.

Segundo: Publicar o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, e un exemplar do citado Boletín, deberá estar exposto no taboleiro de anuncios do Concello por prazo de 15 días, durante o cal calquera poderá consultar o expediente. O prazo de alegacións será de 1 mes a contar a partir do remate do prazo de exposición do anuncio no taboleiro do Concello. Durante o citado prazo de alegacións calquera interesado poderá presentar cantas alegacións ou documentos estime oportunos, así como solicitar no seu caso a práctica das probas que estime necesarias.

Terceiro: Procédase a notificar o presente acordo a todos aqueles afectados coñecidos e identificables, e en concreto aos titulares catastrais colindantes do camiño que resulten coñecidos, así como á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma para que no seu caso podan facer valer os seus dereitos.

Cuarto: Autorizar á Sra. Alcaldesa, para unha vez rematado o prazo de exposición pública e alegacións, e á vista das alegacións e documentación que se teñan no seu caso presentado, poida acordar mediante decreto a apertura dun período de proba non superior aos 30 días nin inferior aos 10 días, no que serán admisibles os seguintes elementos:

-Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados dacordo a Dereito.

-O recoñecemento e ditame pericial.

-A declaración de testemuñas.

Quinto: Unha vez rematado o prazo de alegacións e no seu caso o período de proba que se tivera acordado abrir, e emitidos os informes que correspondan, inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución do expediente, porase de manifesto este por termo de dez días ás persoas a quen afecte a investigación e houberen comparecido nel, para que dentro de devandito prazo aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

Sexto: Autorizar á Sra. Alcaldesa a realizar todos os actos de trámite que resulten necesarios para a execución do presente acordo.”

Toma a palabra o Sr. concelleiro non adscrito, D. Antón Sánchez García e manifesta: a nós parécenos ben, e algo que xa viñamos reclamando, o procedemento respecta os dereitos de todas as partes; nos apoiamos a demanda veciñal, pero para aclarar as cousas; non presupoñemos nada, podemos ter a nosa opinión particular.

Reiteramos, outra vez, a necesidade de facer o inventario de camiños, fontes e lavadoiros, e, xa que estamos a falar diso, propoño que cando se poida se adecente esa en concreto, e se faga unha política de caracterización e sinalización das fontes do estilo do que se fixo ultimamente en Betanzos caracterizando as súas augas, porque cada vez van ser un valor mais importante e actualmente no Concello de Bergondo están bastante mal. Isto é unha proposta que deixo aí e se debería facer.

No tema do procedemento, penso que é moi acertado porque vai ser moi áxil; nós imos apoiar o expediente.

Sra. alcaldesa: isto poderemos facelo cun algún camiño concreto, non o poderemos facer con todos os camiños dos que agora mesmo hai unha titularidade dubidosa; ao final o medio vai ser sempre o Inventario de camiños que será o que nos dea un soporte para dicir se son públicos ou non.

En canto, ao mellor enténdinlle mal, adecentar este camiño en concreto, entendo que será despois de que verifiquemos se é público.

Sr. concelleiro: era o lavadoiro.

Sra. alcaldesa: ben, o camiño, como é lóxico, teremos que esperar cales son os resultados da investigación.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO EXERCICIO DE ACTIVIDADES DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS E REALIZACIÓN DE DETERMINADAS OBRAS PREVIAS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Como consecuencia da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro de 2.006, tanto a nivel nacional como autonómico tense ditado unha serie de normas que teñen como obxectivo facilitar a liberdade de establecemento dos comerciantes e a libre prestación de servizos simplificando os procedementos e entre as que podemos citar a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, a Lei 1/2010, de 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva, o Real Decreto 2009/2009, de 23 de decembro, a Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible e máis recentemente o Real Decreto-Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Tal normativa establece como principal novidade, a posibilidade, en determinados casos e con determinadas condicións, de substituír a tradicional licenza municipal de apertura, pola declaración responsable ou comunicación previa, substituíndo deste xeito o control municipal previo da actividade por un control a posteriori.

Así pois, é preciso establecer e regular a través dunha Ordenanza municipal os procedementos de comunicación necesarios, así como a forma de verificación posterior do cumprimento dos requisitos precisos para o exercicio da actividade, concretando igualmente as actividades que quedan excluídas destas formas de comunicación previa e que polo tanto seguen estando suxeitas a previa licenza municipal.

Tendo en conta que o artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece como competencia do pleno a aprobación das Ordenanzas, pola presente proponse ao Pleno da Corporación que proceda a adoptar o seguinte ACORDO

Primeiro: *Aprobar provisionalmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO EXERCICIO DE ACTIVIDADES DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS E REALIZACIÓN DE DETERMINADAS OBRAS PREVIAS, co contido que a continuación se transcribe, así como os anexos da mesma.*

Segundo: *Expoñer no tablón de anuncios da Corporación, por prazo de trinta días, e publicar no BOP, este acordo para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*

Terceiro: *Dar conta ao Pleno das reclamacións que se presenten. As reclamacións presentadas resolveranse por este órgano con carácter definitivo. No caso de que non se presenten reclamacións, o acordo provisional elevarase automaticamente a definitivo.*

Cuarto: *O acordo definitivo ou no seu caso o provisional elevado automaticamente a definitivo, así como o texto íntegro da modificación da mencionada Ordenanza publicarase no BOP.*

Quinto: *A presente aprobación da Ordenanza non entrará en vigor ata que non transcorran 15 días desde a súa publicación íntegra no BOP.”*

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa: o que facemos é definir os distintos tipos de licenzas, en tres tipos, en declaración responsable, comunicación previa e licenza como tal, son estas famosas licenzas express das que se ten falado a través de prensa, non quere dicir que un poida abrir un establecemento así sen mais, senón que se compromete moitas veces a que o que alí é efectivo, é real; polo tanto definimos cales son eses tipos de licenzas, a que establecementos se refiren e as superficies que se poden adecuar a cada un deles.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP e di: é unha Ordenanza obrigada para poder acceder á licenza exprés, en calquera caso benvida a Ordenanza que vainos permitir unha maior axilidade á hora de poder levar a cabo un proxecto de apertura de establecementos.

Non son moitas as Ordenanzas que temos e sexa obrigada ou voluntaria, benvida sexa, en todo caso imos apoiala.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

5.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS CO MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Unha vez que foi vista a necesidade de adecuar o texto da Ordenanza á lexislación vixente e a recente regulación, estando a actual Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, aprobada no ano 2001, modificando ademais a súa denominación como Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actuacións administrativas con motivo da apertura de establecementos, consecuencia da normativa de aplicación. Nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tras ve-lo informe da interventora municipal e

en consonancia coa documentación que integra o expediente, propónse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actuacións administrativas con motivo da apertura de establecementos**, cuxo texto modificado queda como segue:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS CON MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1º.- Fundamento e Natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 71985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, e 20.4 i) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este Concello establece a “Taxa pola realización de actuacións administrativas con motivo da apertura de establecementos” que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, da que as súas normas atenden ó previsto no artigo 57 do citado TRLRFL.

Artigo 2º.- Feito Impoñible.

1. Nos supostos de declaración responsable ou comunicación previa, constitúe feito imoñible da taxa a actividade municipal, destinada á verificación inicial da documentación achegada polo interesado nos casos de declaración responsable ou comunicación previa, nos termos establecidos na Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades de apertura de establecementos e realización de determinadas obras previas, así como as actividades de comprobación, control e inspección que sexan necesarias e todas as actuacións que impliquen a execución de medidas correctoras para manter as condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade e as demais impostas nos títulos habilitantes ou pola lexislación urbanística e sectorial de aplicación.

2. Nos supostos de autorizacións e licenzas, constitúe o feito imoñible da Taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade e calquera outras esixidas pola correspondentes Ordenanzas e Regulamentos Municipais ou Xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura.

3. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento par dar comezo á súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) Os trasposos e cambios de titularidade dos establecementos por calquera causa, incluídos os cambios de denominación.
- d) Calquera outro que implique modificación na actividade ou no local onde se desenvolve.

4. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, estea ou non aberta ó público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se dedique ó exercicio de algunha actividade empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial ou de servizos.
- b) Aquelas outras que sen estar recollidas no apartado anterior, teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, oficinas ou estudos.

Artigo 3º.- Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver, ou no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que ese refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas o entidades reguladas e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota Tributaria.

1. A cota Tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar en función da actividade, da superficie do local, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende o seu inicio ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.

Artigo 6º.- Tarifa.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

Concepto	Tarifa (en €)
Actividades suxeitas a comunicación previa	250,00
Actividades suxeitas a declaración responsable	450,00
Actividades suxeitas a licenzas de apertura sometidas a avaliación de incidencia ambiental, así como, as incluídas no regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas	1.000,00
Resto de actividades suxeitas a licenzas de apertura	750,00
Cambios de titularidade ou calquera outro suposto de tramitación equivalente	100,00

Ás cotas determinadas no apartado anterior se lles aplicará un coeficiente en función da superficie útil total do local, de acordo coa seguinte escala.

Ata 100 m ²	1
De 101 a 300 m ²	1,2
De 301 a 1000 m ²	1,5
De 1001 a 2000 m ²	1,7
Más de 2000 m ²	2

2. Cando nun establecemento se exercesen varias actividades a efectos de cómputo de tarifas de esta Ordenanza, terase en conta a cota por esta Taxa máis alta das que correspondan.
3. Nas actividades suxeitas a licenza, en caso de desestimento formulado polo solicitante con anterioridade á súa concesión, as cotas a liquidar, sempre que a actividade municipal se iniciase efectivamente, serán:
 - a) Do 25% das establecidas se o desestimento se produce no prazo dun mes a partires da solicitude.
 - b) Do 50% se o desestimento se produce posteriormente a dito mes.
4. No caso das actividades tramitadas mediante os procedementos de comunicación previa ou declaración responsable, o desestimento poderá realizarse unicamente nos supostos previstos na Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades de apertura de establecementos e realización de determinadas obras previas, sendo as cotas a liquidar as seguintes:
 - a) Do 25% das establecidas se o desestimento se produce no prazo dun mes a partires da solicitude.
 - b) Do 50% se o desestimento se produce posteriormente a dito mes.
5. No caso establecido nos apartados anteriores procederase a realizar unha regularización da cota xa cobrada coa devolución do importe que proceda.

Artigo 7º.- Exencións e Bonificacións.

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da taxa.

Artigo 8º.- Devengo.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade, nos seguintes supostos

- a) *En actividades suxeitas a licenza, na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura.*
- b) *No resto de actividades, no momento de presentación da declaración responsable ou comunicación previa de inicio de actividade.*

O ingreso da taxa se fará efectivo no mesmo momento, mediante o modelo de autoliquidación facilitado polo Concello e previa declaración da superficie do local sen prexuízo de comprobación posterior e regularización da contía da taxa.

2. Cando a apertura tivera lugar sen obte-la oportuna licenza ou sen realizar a correspondente declaración responsable ou comunicación previa, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autoriza-la apertura do establecemento ou decreta-lo seu peche, se non fora autorizable dita apertura.

3. A obriga de contribuír unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta, condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia nin desestímulo do solicitante unha vez concedida da licenza.

Artigo 9º.- Procedemento.

1.- Nos supostos de actividades sometidas a réxime de declaración responsable ou comunicación previa, os interesados presentarán solicitude no rexistro coa documentación e requisitos establecidos no capítulo III da Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades de apertura de establecementos e realización de determinadas obras previas.

2. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de apertura de establecementos industriais ou mercantís presentará, previamente, no Rexistro Xeral a oportuna solicitude, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local, acompañando proxecto ou documentos esixidos para cada clase de actividade polas disposicións vixentes.

3. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura ou declaración responsable ou comunicación previa, se variase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, ou se alterase as condicións proxectadas por tal establecemento ou ben se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións poñeranse en coñecemento da Administración Municipal co mesmo detalle ou alcance previstas nos apartados anteriores, achegando unha nova liquidación, no seu caso.

Artigo 10º.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como nas sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, se estará ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final.- *A presente Ordenanza Fiscal, derroga a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola apertura de establecementos, aprobada polo Pleno de data 20 de decembro de 2001. Entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación definitiva no B.O.P., permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa”*

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da Ordenanza.”

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e manifesta: de forma resumida, as cantidades que se propoñen son, a tarifa para actividades suxeitas a comunicación previa douscentos cincuenta euros; as que son declaración responsable catrocentos cincuenta; as licenzas de apertura sometidas a avaliación ambiental mil euros; o resto das actividades suxeitas a licenza de apertura setecentos cincuenta, e cambios de titularidade, o outros supostos parecidos, cen euros.

Todo isto incrementado en función dun coeficiente a partir da superficie útil, non incrementamos no tope mais alto as tarifas xa existentes, que non son excesivamente caras nun concello como Bergondo.

Sra. voceira do PP: nós, despois de ver os respectivos informes, estamos de acordo e imos votar a favor.

Sr. concelleiro non adscrito, D. Antón Sánchez García: nós non estamos de acordo tal como se plantea, xa o comentamos na Comisión Informativa, pensamos que se deberían introducir bonificacións para o fomento do emprego principalmente, para discapacitados, e tamén para colectivos con difícil inserción, parados de mais de cincuenta e cinco anos e xente moza, cremos que dentro do que se pode facer desde un concello, habería que poñelo. Nós tal como está, non a apoiamos, se houbera vontade de aceptar esta proposta pois, evidentemente, si.

Sra. alcaldesa: por parte da Alcaldía, e supoño que do grupo de goberno, xa o falamos o outro día na Comisión Informativa, é algo que se pode estudar nunha posible modificación posterior e non á día de hoxe, porque hai un estudo previo que é o que nos da ese cálculo de tarifas. Si que é certo que todo o que sexa promoción de emprego é incentivo e se pode estudar, co cal estamos abertos a unha modificación neste mesmo ano, que sería simplemente modificar un artigo desta Ordenanza nun próximo pleno.

Sr. concelleiro: entendo que hai un compromiso.

Sra. alcaldesa: hai un compromiso de facer unha modificación, despois de facer o estudo oportuno por suposto, pero si.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

6.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE SERVIZOS SOCIAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación dáse conta aos/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“Unha vez que foi vista a necesidade de adecuar o texto da Ordenanza ó momento actual, así como a necesaria actualización nas tarifas dada a diminución de subvencións previstas con respecto a anos anteriores e ó próximo remate de vixencia das contratacións destas actividades sendo necesaria unha nova licitación, así como a inclusión nas tarifas das actividades de servizos sociais. Nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tras ve-lo informe da interventora municipal e en consonancia coa documentación que integra o expediente, proponse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais, deportivas, educativas e de servizos sociais, cuxo texto modificado queda como segue:

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE SERVIZOS SOCIAIS

Artigo primeiro.- Fundamento e natureza

Ao abeiro do previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este concello establece o prezo público por actividades culturais, educativas, deportivas e de servizos sociais municipais, que se rexerá polo que dispón esta Ordenanza.

Artigo segundo.- Concepto

Poderán ser usuarios de tales actividades culturais, educativas, deportivas ou de servizos sociais as persoas físicas que soliciten do servizo a súa participación nestas. Sendo destinatarios das actividades sociais os maiores de 55 anos.

Artigo terceiro.- Obrigados ao pagamento

Son suxeitos obrigados ó pagamento as persoas físicas, que tendo solicitado a súa participación nas actividades organizadas obxecto da presente Ordenanza, sexan admitidas polo servizo correspondente.

Artigo cuarto.- Contía

1) O importe do prezo público será fixado nas tarifas seguintes referidas a importe por usuario:

Actividades culturais

PROXECTO	NOME DAS ACTIVIDADES	PREZO PÚBLICO
<i>Proxecto 1, actividades manuais</i>	<i>Manualidades, encaixe de bolillos e ou labores, pintura e outras análogas</i>	<i>1,80 €/hora</i>
<i>Proxecto 2, actividades musicais</i>	<i>Introdución as actividades musicais, solfexo, guitarra e outras análogas</i>	<i>1,80 €/hora</i>
<i>Proxecto 3, actividades artesanais</i>	<i>Cestería, cerámica, tapicería, restauración e outras análogas</i>	<i>1,80 €/hora</i>
<i>Proxecto 4, actividades formativas</i>	<i>Luditarde, a hora do conto, animación á lectura, idiomas e outras análogas</i>	<i>1,80 €/hora</i>
<i>Proxecto 5, visitas de carácter cultural, xeográfico ou etnográfico</i>	<i>Excursións para o coñecemento de diferentes lugares de interese etnográfico, xeográfico e cultural</i>	<i>*Con comida incluída: 20,00 €/día * Sen comida incluída: 10,00 €/día</i>
<i>Proxecto 6, campamentos</i>	<i>- Campamento urbano - Campamento verán</i>	<i>6,00 €/día 15.00 €/día</i>

Actividades deportivas

PROXECTO	NOME DAS ACTIVIDADES	PREZO PÚBLICO
<i>Proxecto 1, Bergondo en forma</i>	<i>Ximnasia de mantemento nas parroquias, fitness, aeróbic, step, pilates, musculación, persoal training, ximnasia para maiores e outras análogas</i>	<i>1,40 €/hora</i>
<i>Proxecto 2 promoción do deporte</i>	<i>Psicomotricidade, fútbol sa, tenis, introdución ós deportes de raqueta, baloncesto, judo, taekwondo, introdución aos deportes de combate, piragüismo, actividades sobre patíns, patinaxe, defensa persoal, multideportes e outros análogos</i>	<i>2,00 €/hora</i>
<i>Proxecto 3, exercitando corpo e mente</i>	<i>Ioga, taichí e outros análogos</i>	<i>1,90 €/hora</i>
<i>Proxecto 4, danzando</i>	<i>Danza, baile, baile moderno, hip hop, bailes de salón e outras análogas</i>	<i>1,90 €/hora</i>
<i>Proxecto 5, liga municipal de fútbol sala e proxecto 6</i>	<i>Liga municipal de fútbol sala</i>	<i>325,00 €/tempada</i>
<i>Proxecto 7 actividades acuáticas en piscina climatizada</i>	<i>Natación rapaces, natación adultos, natación terceira idade</i>	<i>2 €/sesión inverno 3€/sesión verán nenos piscina Betanzos</i>

Proxecto 8, <i>aventúrate</i>	<i>Multiaventura, rafting e outras análogas</i>	15 €/día
-------------------------------	---	----------

Actividades culturais-educativas

Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo, entenderase que nun día hai dúas xornadas, xornada de mañá e xornada de tarde: 2,00 €/xornada, agás a xornada de mañá sen almorzo que terá unha tarifa de 1,50 € por xornada.

Actividades sociais

ACTIVIDADE	NOME DAS ACTIVIDADES	PREZO PÚBLICO
<i>Obradoiros socioeducativos anuais</i>	<i>Bailes de salón, canto coral, reforzo de memoria, teatro, informática e outras análogas</i>	1,50 €/hora
<i>Obradoiros socioeducativos verán</i>	<i>Informática, bisutería, cosmética natural, actividades terapéuticas, musicoterapia, risoterapia, nutrición e outra análogas</i>	2,00 €/hora
<i>Excursións</i>	<i>Roteiros saudables</i>	15,00 €/saída sen comida engadida
	<i>Saídas socioeducativas</i>	20,00 €/saída con comida engadida
	<i>Saídas socioeducativas verán</i>	20,00 €/saída con comida engadida
	<i>Festas baile</i>	5,00 €/día

2) Reducións:

- As persoas que acrediten formar parte de familia numerosa: redución do 50 % do total da cota. Deberán presentar o título ou o libro de familiar numerosa.*
- Persoas en risco de exclusión social, previo informe da área de Benestar Social: redución do 50% do total da cuota ou redución do 100 %, segundo se indique no informe.*
- As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten, terán unha bonificación dun 50%. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia do paro actualizada. Cando unha actividade teña unha duración maior a un trimestre, no pago de cada trimestre hai que acreditar dita situación do paro.*
- Voluntarios do Concello de Bergondo (persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais): redución do 50% do total da cuota.*

En caso de ter dereito a máis dun desconto só se aplicará un deles, non sendo acumulables.

O Concello de Bergondo resérvase o dereito de programar cursos ou actividades de carácter gratuíto

Artigo quinto.- Obriga de pagamento

- A obriga de pagamento do prezo público nace dende que se inicie a prestación da actividade. Se ben o Concello poderá esixir o depósito previo no momento da inscrición.*
- Se a actividade dura menos dun trimestre, o pagamento realizarase no modelo de autoliquidación correspondente, co ingreso na conta do concello e pagarase nunha soa vez antes de comezar a actividade.*
- Nas actividades que teñen unha duración maior a un trimestre, os pagos realizaranse trimestralmente, o primeiro trimestre realizarase mediante autoliquidación, e os restantes trimestres, realizaranse mediante domiciliación bancaria, e cargarase o importe do prezo público correspondente nos últimos 15 días do mes anterior ó de inicio do trimestre. No caso de non optar pola domiciliación bancaria haberá que comunicalo ó Concello para o seu pago trimestral.*

4. *A baixa na actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos ao trimestre seguinte. Aplicarase o mesmo criterio ás altas nas actividades.*
5. *No caso de que por causas non imputables ao interesado, deixara de realizarse a actividade solicitada, procederase á devolución do prezo público.*
6. *No caso de que por causas non imputables ao interesado non poida asistir á actividade solicitada, procederase á devolución do prezo público previa solicitude e documentación acreditativa que xustifique a imposibilidade de asistir (motivos laborais, de saúde...), non será suficiente unha declaración sen aportar xustificación.*

Artigo sexto.- Normas de xestión: Pagamento

Unha vez que exista un número mínimo de persoas preinscritis, que faga posible e viable a realización de calquera actividade obxecto da presente Ordenanza, os interesados en participar, deberán aportar para a súa inscrición definitiva a documentación esixida xunto co documento acreditativo do pago do prezo público correspondente, a presentación en prazo da citada documentación suporá a inscrición na actividade. Se hai máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público, neste sorteo terán preferencia os solicitantes empadroados neste Concello.

Por motivos organizativos e sempre por causas xustificadas, o Concello de Bergondo resérvase o dereito a anular algunha actividade.

Artigo sétimo: Outras obrigas

Os solicitantes das actividades deberán estar o corrente do pago das débedas contraídas co Concello de Bergondo.

Nos supostos en que a actividade a desenvolver, previa autorización, non se atope tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías existentes, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme o artigo 23.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 47 do TRLRFL, o establecemento da tarifa a proposta do servizo técnico, co previo informe da Intervención Municipal.

Artigo oitavo.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ás infraccións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como nas sancións que ás mesmas correspondan, en cada caso, aplicaranse as normas establecidas nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente Ordenanza derroga a aprobada polo Pleno o 25 de marzo de 2010 publicada no BOP número 107 do 9 de xuño de 2010.”

2º.- *Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.*

3º.- *As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da Ordenanza, sen que entre en vigor ata que transcorra o prazo de quince días hábiles establecido no artigo 65.2 da LBRL, en aplicación do artigo 70.2 do mesmo texto legal. “*

Sra. alcaldesa: faise unha actualización dos prezos das actividades culturais e deportivas, como explicabamos o outro día, está a piques de rematar o contrato actual que licitamos hai catro anos, e iso

vai supoñer que os prezos se verán incrementados. Por outra banda, e isto non é unha crítica, senón que é algo que esta pasando na actualidade, as subvencións das diferentes administracións, por desgraza, cada vez son menos, co cal se queremos seguir contando cos servizos vémonos na obriga de actualizar os prezos.

As cantidades son variables, xa que poden ir desde un aumento dun tres por cento ata un dez. Por primeira vez se introduce o cobro das actividades dos servizos sociais; establécense diferentes reducións e bonificacións que xa estaban contempladas na Ordenanza que hoxe se modifica; é algo que cremos que se debe aprobar para seguir prestando o servizo como debemos.

Sra. voceira do PP: nos estamos de acordo coa modificación, trátase dun pequeno reaxuste nunhas actividades totalmente voluntarias.

Sr. concelleiro non adscrito, D. Antón Sánchez García: nos imos votar en contra. Eu penso que na política hai que ter en conta o contexto no que nos movemos; neste contexto de crise, onde a xente pouco a pouco, como dicía o ministro de industria, *solo van a ser dos cafés* e estas cousiñas, pero van sumando; vai subir o Ive, vai subir a luz, vai subir todo.

Creo que non se deberían actualizar agora, neste momento, a situación económica do Concello de Bergondo ademais o permite cun remanente de tesourería bastante elevado, eu creo que sería un xesto solidarizándose. Aínda que as actividades son voluntarias consideramos que é un dereito de toda a xente o acceso a actividades culturais e deportivas e cremos que non hai que subir estas taxas. O noso voto, polo tanto, é en contra.

Sra. alcaldesa: só recalcar que xa existen, a día de hoxe, bonificacións para a xente que se encontra desempregada, unha situación que se comproba trimestralmente, que nunca ninguén quedou fóra dunha actividade por problemas económicos, porque para iso tamén se establece a redución por persoas en risco social, previos informes de Benestar Social, polo tanto, xa digo, non é o mellor momento, pero o remanente positivo á hora de facer un orzamento non o podemos ter en conta, senón que temos que ter en conta a previsión de ingresos e de gastos. Estou de acordo con que todo o mundo ten dereito a optar a este tipo de actividades, pero, xa digo, son voluntarias, algunhas incluso son propicias para a saúde de moitos deles, pero, repito, nunca ninguén quedou fóra dunha actividade po non poder pagala.

Sr. voceiro de Veciños de Bergondo: nos imos apoiar a proposta porque, tal e como di a alcaldesa, están xa recollidos nesta Ordenanza bonificacións para ter en conta a esta xente que pode ter problemas de acceso a este tipo de actividades, non queda ninguén fora e o que si facemos é poñer en valor unhas actividades que ademais debemos intentar melloralas día a día, e non polo feito de ser gratis ou de cobrar van ser mellor, eu creo que precisamente valoramos mais as activades ou calquera cousa que se fai, se, polo menos, lle prestamos un pouco de atención. Repito, non queda ninguén fóra, non é exclúente para nada esta Ordenanza e creo que recolle o que está pasando a diario. Nos votamos a favor, por suposto.

Sr. concelleiro non adscrito: iso de que non queda ninguén fóra, non sei como se pode saber, evidentemente a xente pensa en ir a unha actividade, valora o prezo e non llo ven dicir á alcaldesa se ven ou non ven. Nos dicimos, as bonificacións xa as había, e con bonificación ou sen ela, é unha suba de taxas ¿verdade?, polo tanto nós nos opoñemos polo momento que estamos a pasar.

Sra. alcaldesa: pasamos ao punto número sete.

Sr. concelleiro non adscrito: perdón, hai que votar.

Sr. secretario: si

Sra. alcaldesa: entendín voto en contra, e o resto xa se pronunciaron a favor.

Sr. concelleiro non adscrito: pero non hai que relaxar as formas, cando é por unanimidade vale.

Sra. alcaldesa: xa se manifestaron.

A continuación procedese á votación a proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; concelleiros non adscritos: dous (2) votos en contra.

Total: dez (10) votos a favor, e dous (2) en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

7.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa manifesta que, por razóns de urxencia, preséntanse por parte da Alcaldía dous asuntos non comprendidos na Orde do Día que acompañaba a esta convocatoria.

Sra. alcaldesa son dous asuntos referidos ao mesmo tema, un é a modificación do contrato suscrito con Aquagest e a modificación da Ordenanza que regula a taxa pola subministración de auga potable e depuración de augas residuais; xustificamos a urxencia no sentido de que non hai previsión de facer un Pleno no mes de agosto e os prazos corren, iriámonos ao mes de setembro e hai que publicalo, estimar ou non alegacións, e os prezos deben entrar en vigor a un de xaneiro do ano 2013

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que constitúen a totalidade da Corporación, declara a súa urxencia, pasando seguidamente a debatelos.

7.1.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO SUSCRITO COM AQUAGEST, S.A., REFERENTE Á CONCESIÓN DA XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di:

“Logo de ver que desde o ano 2008, introducíronse unha serie de obras e novas instalacións á explotación do servizo de abastecemento e saneamento das augas do Concello de Bergondo que se concretan en:

-Explotación de EDAR de Fiobre, Miodelo e Peteiro.

-Bombeos de Mariñan, Guísamo, Mesoiro e Guísamo Vello.

Visto que o Concello de Bergondo viña sufragando a Aquagest S.A, como empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, os importes correspondentes aos gastos derivados destas novas instalacións.

Tendo en conta que desde un primeiro momento foi intención da Corporación repercutir tales gastos entre os usuarios do servizo e que dado o momento actual e a necesidade imperiosa de reducir o gasto público, con data de 12 de xullo de 2.012, remitiuse escrito a Aquagest S.A comunicándolle a intención de non continuar a partir do 1 de xaneiro de 2.013 financiando tales instalacións.

Con data de 18 de xullo de 2.012 (RE nº 6292/2012 do 18/07) Aquagest S.A, presenta escrito ante este Concello acompañado de estudo económico, onde manifesta que a decisión do Concello de non continuar financiando tales instalacións xeraría un desequilibrio económico – financeiro na concesión, e que consonte con isto solicitan a modificación do citado contrato para restablecer o equilibrio económico xa que a xestión integral do abastecemento, saneamento e depuración de augas ascendería á

cantidade de 933.855,63 euros equivalente aos ingresos previstos na oferta para o exercicio 2012 incrementados nos custos xerados polas actuacións anteriormente sinaladas e levadas a cabo polo Concello de Bergondo.

*Logo de ver os informes emitidos pola Interventora do Concello, no que comproba que efectivamente existiría un desequilibrio económico da concesión polo importe sinalado así como o informe emitido polo Secretario do Concello, de conformidade co previsto no artigo 101 e 163 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas 2/2000, propónse que o Pleno da Corporación adopte o seguinte **ACORDO**:*

Primeiro: *Modificar o contrato subscrito con data de 11 de xuño de 2.002 entre Aquagest S.A e o Concello de Bergondo referente á concesión da xestión dos servizos de abastecemento e saneamento das augas do Concello de Bergondo, nos termos da proposta realizada por Aquagest S.A e presentada ante este Concello con rexistro de entrada nº 6292 de data 18 de xullo de 2012.*

Segundo: *Aceptar a renuncia realizada por Aquagest S.A ao trámite de audiencia sobre a base da previsión establecida no artigo 84 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, ao aceptar a proposta realizada por Aquagest S.A.*

Terceiro: *De conformidade co previsto no artigo 42 do TRLCAP, conceder a Aquagest S.A, un prazo de 15 días naturais a contar desde a notificación do presente acordo para que procedan a reaxustar a garantía definitiva no seu día constituída, para que esta garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación e que ascende ao importe de **19.323,87 euros***

Cuarto: *Autorizar á Sra. Alcaldesa para que, unha vez sexa realizado pola empresa concesionaria o reaxuste da garantía definitiva e no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde a notificación do presente acordo, proceda a formalizar a presente modificación do contrato de concesión da xestión dos servizos de abastecemento e saneamento das augas do Concello de Bergondo.*

Quinto: *Notifíquese o presente acordo ao interesado, facéndolle saber que o citado acordo pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo pode interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN no prazo de un mes ante o mesmo órgano que ditou o acto, conforme ao previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, ou ben se no quere exercitar o seu dereito a presentar o recurso potestativo de reposición mencionado, pode interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, órgano xurisdiccional competente, conforme ao establecido na Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora das Xurisdición Contencioso-Administrativa.”*

Sra. voceira do PP: *o que xa comentei na Comisión Informativa; paréceme un pouco oportunista o momento de aplicar un canon de saneamento, pero por outra parte tamén me parece xusto que cada un de nós pague realmente polos servizos que está a recibir; imos votar a favor.*

Sr. concelleiro non adscrito, D. Antón Sánchez García: *nos opoñémonos, e non ao feito da taxa, senón a que non se recollen, como dicía antes, mecanismos para cobrar por tramos de ingresos. Cremos que sería positivo incluílos, polo mesmo que dicía antes, polo momento económico e porque a xente que teña que pagar esta taxa vai ver duplicado o seu recibo da Aquagest, a xente que ten saneamento, polo tanto nos propuxemos na Comisión, e seguimos propoñendo, en base a tomar como referencia o salario mínimo interprofesional uns tramos para bonificación, e despois, iso por unha parte, que non pague o mesmo todo o mundo, independentemente da súa capacidade económica, iso non nos parece ben.*

Por outro lado, cremos necesario unha auditoría do cumprimento da empresa concesionaria con respecto ao tema económico, cremos que non hai suficiente control.

Por outra parte, o tema da calidade do servizo, isto debería ser previo e propoñemos que se faga, esta empresa leva dez anos coa concesión, leva facturado ou ingresado por esta concesión, estes dez anos,

entre oito e nove millóns de euros, e cremos que iso é o suficientemente importante como para facer algún tipo de control.

Despois, cando a unha persoa se lle vai cobrar esa taxa e se lle vai duplicar o recibo da Aquagest, e tamén quere saber que o que está vertendo na rede se depura correctamente, porque se se lle vai cobrar a taxa a un veciño que sabe que hai unha tubaría rota e que a auga vai para a cuneta, ou que unha estación de bombeo non funciona correctamente, eu creo que non é de recibo; polo tanto estas dúas cousas fan que nós nos opoñamos; estas son as nosas propostas, na Comisión a alcaldesa manifestou que non estaba de acordo, polo tanto, o noso voto é contrario.

Sra. alcaldesa: eu aínda non falei de tarifas porque a modificación da Ordenanza fiscal é o seguinte punto, o que pasa é que argumentei a urxencia cos dous puntos; entendo polo tanto que é o mesmo argumento agora na modificación no contrato, soamente que quede claro que votan en contra á modificación do contrato.

Sr. concelleiro non adscrito: non, era unha anomalía que había que xa se debeu ter mirado antes, pero a modificación hai que facela.

Sra. alcaldesa: podemos entender a modificación do contrato aprobada por unanimidade.

Sr. concelleiro non adscrito: si, ao non ter estes puntos da Orde do Día, non sabía como estaba a orde.

Sra. alcaldesa: o seguinte punto precisamente é a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración da auga potable, etc.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

7.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 13 REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE, POLA ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO E Á REDE XERAL DE SANEAMENTO, ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di:

“Unha vez que foi vista a necesidade de manter o equilibrio económico da concesión administrativa da xestión dos servizos públicos de abastecemento e saneamento de augas do Concello de Bergondo e de proceder a repercutir nas tarifas o desequilibrio xerado pola entrada en funcionamento de novas instalacións, sendo ata o de agora sufragado o seu custo polo Concello, decídese proceder a modificar o texto da Ordenanza dando ademais cumprimento na normativa marco comunitaria, nos termos recollidos no denominado “Estudio de adaptación tarifaria de las tasas por suministro de agua, alcantarillado y depuración a la normativa marco teniendo en cuenta la repercusión de los nuevos costes”, presentado pola empresa Aquagest, como concesionaria do servizo. Fanse desaparecer os mínimos existentes na actualidade, como tentativa de conseguir un consumo eficiente da auga, ó mesmo tempo, inclúense novas tarifas sobre servizos que non se incluían no texto anterior, Servizo de depuración doméstica, saneamento e depuración para obras e saneamento e depuración nos casos de que os usuarios dados de alta non sexan usuarios do servizo de abastecemento de auga municipal. Polo anteriormente exposto, proponse ó Pleno da corporación que despois do exame da documentación que obra no expediente, adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a modificación da Ordenanza fiscal n.º 13 reguladora da taxa pola subministración de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, cuxo texto modificado queda como segue:

ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, POLA ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO E Á REDE XERAL DE SANEAMENTO, ASÍ COMO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SANEAMENTO E DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e ó abeiro do disposto no artigo 20, apartados 1, 4.r e 4.t), e o artigo 57 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo subministro de auga potable, pola acometida á rede xeral de abastecemento e á rede xeral de saneamento, así como pola prestación do servizo de rede de saneamento e de depuración de augas residuais, que se regularán pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 do TRLRFL citado.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen os feitos impondibles destas taxas:

- a) A prestación do servizo de subministro de auga potable que está reservado pola Lei en favor das Entidades Locais e considérase imprescindible para a vida privada dos usuarios do mesmo.*
- b) A realización das acometidas á rede xeral municipal de abastecemento ou á rede xeral de saneamento.*
- c) A prestación do servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais mediante a utilización da rede de saneamento municipal, e a conseguinte depuración das devanditas augas pola Depuradora de Augas Residuais. O servizo de evacuación de excretos, augas negras, residuais e pluviais e o servizo de depuración das mesmas na Depuradora serán de recepción obrigatoria, desde o momento da efectiva prestación do servizo, devengándose as taxas correspondentes.*

ARTIGO 3º.-SUXEITOS PASIVOS.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire ó art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais nas que se preste o servizo, ben sexa a título de propietario, usufructuario, arrendatario ou mesmo de precario.

2.- Terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, os que poderán repercutir, no seu caso, ós ocupantes ou usuarios, as cotas abonadas por razón da taxa.

ARTIGO 4º.- RESPONSABILIDADE SOLIDARIA E SUBSIDIARIA.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que ese refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas o entidades reguladas e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º .- BASE IMPOÑIBLE E LIQUIDABLE.

A base impondible virá determinada polos m³ de auga consumida, verquida ou depurada.

No caso da realización das acometidas, a base impondible virá determinada polos metros de distancia dende o límite da propiedade privada ata a rede xeral de abastecemento ou á de saneamento. O custo será por metro de acometida executada, e será un custo medio dacordo cos distintos diámetros da Rede de Distribución. Incluirá no mesmo, a execución da acometida, totalmente executada, e probada, dentro do dominio de uso público. Igualmente, a tarifa terá en consideración a reposición do pavimento existente no momento da súa realización.

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria referida á presente taxa é a seguinte:

A) Servizo de subministración de auga potable.

Subministración doméstica

- a) Cota de mantemento do servizo 19,50 euros*
- b) Cota de consumo:*

- Ata 30m ³	0,09 euros/m ³
- De 31 m ³ ata 60 m ³	0,68 euros/m ³
- > de 60 m ³	0,90 euros/m ³
Subministración Industrial:	
a) Cota de mantemento do servizo	40,00 euros
b) Cota de consumo:	
- Ata 30m ³	0,30 euros/m ³
- De 31 m ³ ata 100 m ³	0,80 euros/m ³
- > de 100 m ³	1,10 euros/m ³
Subministración Obras:	
a) Cota de mantemento do servizo	40,00 euros
b) Cota de consumo:	
- Ata 30m ³	0,30 euros/m ³
- De 31 m ³ ata 100 m ³	0,80 euros/m ³
- > de 100 m ³	1,10 euros/m ³
Subministración a comunidades de abastecemento de auga preexistentes á posta en funcionamento do servizo municipal da auga.	
a) Cota de mantemento do servizo	12,33 euros
b) Cota de consumo:	0,5327 euros/m ³
B) Servizo de saneamento	
Saneamento doméstico:	
a) Cota de mantemento do servizo	3,00 euros
b) Cota de consumo:	
- Ata 30m ³	0,11 euros/m ³
- De 31 m ³ ata 60 m ³	0,30 euros/m ³
- > de 60 m ³	0,60 euros/m ³
Saneamento industrial:	
a) Cota de mantemento do servizo	8,00 euros
b) Cota de consumo:	
- Ata 30m ³	0,20 euros/m ³
- De 31 m ³ ata 100 m ³	0,40 euros/m ³
- > de 100 m ³	0,60 euros/m ³
Saneamento Obras:	
a) Cota de mantemento do servizo	8,00 euros
b) Cota de consumo:	
- Ata 30m ³	0,20 euros/m ³
- De 31 m ³ ata 100 m ³	0,40 euros/m ³
- > de 100 m ³	0,60 euros/m ³
Saneamento sen auga:	
a) Cota de mantemento do servizo	15,00 euros
C) Servizo de depuración:	
Depuración doméstico:	
a) Cota de mantemento do servizo	21,00 euros
b) Cota de consumo:	
- Ata 30m ³	0,13 euros/m ³
- De 31 m ³ ata 60 m ³	0,35 euros/m ³
- > de 60 m ³	0,60 euros/m ³
Depuración industrial:	
a) Cota de mantemento do servizo	100,00 euros

- b) Cota de consumo:**
- Hasta 30m³ 0,30 euros/m³
 - De 31 m³ ata 100 m³ 0,83 euros/m³
 - > de 100 m³ 1,10 euros/m³

Depuración Obras:

a) Cota de mantemento do servizo 25,00 euros

- b) Cota de consumo:**
- Ata 30m³ 0,27 euros/m³
 - De 31 m³ ata 100 m³ 0,83 euros/m³
 - > de 100 m³ 1,10 euros/m³

Depuración sen auga:

a) Cota de mantemento do servizo 25,00 euros

D.- Realización das acometidas (no suposto de licenza ou autorización para a acometida á rede de abastecemento ou á de saneamento coincidirá exactamente co importe do presuposto material da obra, presupostado pola empresa concesionaria do servizo e aprobado polo Órgano Municipal Competente).

D.1.- Acometidas á rede xeral de abastecemento: O material empregado na súa realización será polietileno reticulado, apto para o uso alimentario, e cunha presión nominal de traballo de 10 atmosferas. Tódalas acometidas levarán como mínimo, unha chave de toma na beirarrúa, co seu correspondente rexistro e arqueta, que non poderá ser manipulada polo abonado, e outra chave situada inmediatamente antes do contador.

Os diámetros das acometidas, serán os seguintes: 3/4", 1", 1 1/4", 1 1/2" e 2", e determinaranse polo Servizo, en función do tipo e número de subministros que deberán de servirse da mesma.

No caso de ter que realizar, unha cometida de diámetro superior a 2", terá que facerse un presuposto, exclusivo para esa acometida, e non estará suxeito a esta tarifa.

So se realizará unha única acometida por cada edificio, ou vivenda unifamiliar, debendo ser distribuída a auga, desde ésta, mediante a correspondente batería de contadores, que deberá ter capacidade para cada unha das vivendas do edificio, ademais de, para cada 50 m² de baixo, tal como indica a orde do 9 de Decembro de 1975 do Ministerio de Industria. Tendo en conta ademais, que no caso de vivendas da baixo e planta, será necesario poñer dous contadores, sempre que o baixo sexa usado como vivenda independente do piso, ou se realice calquera tipo de actividade industrial, aínda que ámbolos dous (baixo e piso), sexan do mesmo propietario.

No caso de non existir rede xeral de distribución no fronte do domicilio solicitante, terá que ser feita unha extensión da rede xeral de distribución, ata acadar o domicilio de subministro. Dita extensión da rede de distribución non estará suxeita a esta tarifa, debendo ser reflectida esta circunstancia na solicitude do petionario, co obxecto de realizar o presuposto da ampliación correspondente, condicionando a aprobación da solicitude á realización da extensión da rede xeral.

D.2.- Acometidas á rede xeral de saneamento: O material empregado, na súa realización, será P.V.C., reforzado para 4 Atm., apto para sistemas de evacuación. Tódalas acometidas (se é posible), irán, desde unha arqueta de inspección e limpeza, situada na beirarrúa, ó pé da propiedade do usuario, ata un pozo de rexistro da rede Xeral, e non poderán ser acometidas directamente a esta, co obxecto de non debilitala, e non dar lugar a ningún tipo de posible fuga contaminante, no seu entronque.

Os diámetros das acometidas serán de 160 e 200 mm., e determinaranse, polo Servizo, en función do tipo e número de usuarios que deberán de servirse da mesma.

No caso de ter que realizar, unha cometida, de diámetro superior a 200 mm., terá que ser feito un presuposto, exclusivo para esa acometida, e non estará suxeito a esta tarifa.

A arqueta de inspección e limpeza, será cadrada, de 40 x 40 cm., e servirá ademais, para que o usuario, acometa a toma da súa vivenda.

So se realizará, unha única acometida por cada edificio, portal, ou vivenda unifamiliar, debendo ser canalizadas interiormente as distintas baixantes de augas fecais, cara unha toma común, tendo en

conta ademais, que no caso de vivendas unifamiliares, compostas de baixo e planta, consideraranse dous abonados sempre que o baixo sexa usado como vivenda independente do piso, ou se realice, calquera actividade industrial, aínda que ámbolos dous (baixo e piso), sexan do mesmo propietario.

Non se poderán canalizar cara a rede de saneamento, as baixantes de augas pluviais, reboses de pozos, mananciais ou calquera outro tipo de augas que non sexan de carácter residual doméstico.

Os talleres ou industrias, que empreguen no seu cometido, calquera tipo de hidrocarburos, ou sustancias consideradas altamente contaminantes, deberán de ter, de acordo coa normativa vixente, o seu correspondente tanque separador de aceites e graxas, ou sistema de depuración previa, estando totalmente prohibido, realizar ningún tipo de verquidos directos á rede de saneamento de calquera destes produtos.

No caso de existir, na vivenda onde se vai a realizar unha acometida de saneamento, unha fosa séptica, ésta, como posible foco de contaminación, debera de ser clausurada, de acordo coa normativa Sanitaria vixente, non podéndose realizar ningún verquido, á rede Xeral, a través dela, e debendo por tanto, a acometida ser independente da mesma.

As tarifas serán as seguintes:

Á rede Xeral de abastecemento:

	Diámetro da acometida				
	3/4"	1"	1 1/4"	1 1/2"	2"
Mínimo (4m.):	363,33 euros	396,12 euros	444,69 euros	484,05 euros	600,77 euros
Por m. engadido:	72,15 euros	76,09 euros	77,40 euros	78,69 euros	90,52 euros

Á rede Xeral de saneamento:

	Diámetro da acometida	
	160 mm.	200 mm.
Mínimo (4m.):	385,65 euros	410,58 euros
Por m. engadido:	78,69 euros	85,26 euros

Dereitos de enganche ----- 78,69 euros

E.- Aplicación do I.V.E. As contías do presente artigo incrementaranse co IVE vixente no momento da realización da acometida ou o que sexa de aplicación á prestación dos demais servizos.

Os prezos das presentes tarifas incrementaranse tódolos anos, con data 1 de Xaneiro, dacordo co I.P.C. resultante do ano anterior.

ARTIGO 7º.- CRITERIOS XENERICOS DE CAPACIDADE ECONÓMICA.

Ás cotas tributarias indicadas no parágrafo anterior e referidas ó apartado D, aplicaráselles unha redución do 50%, no caso de que os contribuíntes, persoas físicas que teñan escasez de recursos económicos ou persoas xurídicas sen ánimo de lucro ou con fins sociais ou benéficos, sempre que así o acredite un informe dos Servizos Sociais do Concello e previa solicitude individualizada en cada caso.

ARTIGO 8º.- DEVENGO.

1.- O tributo considerarase devengado dende que naza a obriga de contribuír a teor do establecido no artigo 2º.

2.- No caso da cota tributaria polo subministro, devéngase o primeiro día de cada trimestre natural. Nos casos de alta, computarase o trimestre natural completo nos que aquela se producira.

3.- No caso de acometida á rede xeral de abastecemento ou saneamento, devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír no momento no que se autoriza polo órgano competente a execución da acometida correspondente á solicitude de licenza de enganche formulada polo suxeito pasivo, ou dende que teña lugar a acometida efectiva se se levase a cabo sen autorización.

ARTIGO 9º.- EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS FISCAIS LEGALMENTE APLICABLES.

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do Texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación do Tratados Internacionais.

ARTIGO 10º.- LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN.

1.- As liquidacións polo subministro de auga potable serán aprobadas rematado cada trimestre natural polo órgano competente do Concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito período. O cobro dos recibos realizarase nas oficinas do Servizo ou ben mediante xestión bancaria. Anualmente elaborárase un padrón xeral de abonados que será aprobado polo Pleno Municipal e que será exposto ó público para posibles reclamacións.

2.- A liquidación da cota tributaria pola acometida á rede xeral de abastecemento e de evacuación ou saneamento, será aprobada polo órgano competente do Concello simultaneamente ó outorgamento da licenza de enganche e baseándose no presuposto presentado pola empresa concesionaria do servizo. A recadación levarase a cabo polo concesionario do servizo, unha vez realizada a notificación ó suxeito pasivo segundo o disposto no art. 102.2 da Lei Xeral Tributaria. O prazo para o ingreso no período voluntario será o previsto no art. 62.2, 62.3 e 62.4 da Lei Xeral tributaria.

3.- As liquidacións pola prestación dos servizos de rede de saneamento e depuración de augas residuais serán aprobadas polo órgano competente do Concello, unha vez confeccionados os correspondentes padróns polo concesionario do servizo, tendo en conta as lecturas de contadores do devandito período. O cobro dos recibos realizarase nas Oficinas do Servizo ou ben mediante xestión bancaria. Anualmente elaborárase un padrón xeral de abonados que será aprobado polo Pleno Municipal e que será exposto ó público para posibles reclamacións.

4.- Dada a unidade de xestión e mantemento dos servizos integral da auga, rede de saneamento e depuración, poderase expedir un recibo único que incorpore a facturación trimestral das correspondentes taxas.

Os usuarios do servizo de saneamento e depuración que non o sexan do servizo de abastecemento da auga pagarán a cota trimestral, segundo a taxa establecida no artigo 6 desta Ordenanza, para os citados supostos.

5.- No caso de paralización ou avaría dun contador, que as súas indicacións non poidan servir de base para unha liquidación correcta, liquidarase o consumo con arreglo ó que se producira en igual período no ano anterior. De non existir este dato, tomarase a media aritmética dos dous trimestres inmediatamente anteriores.

ARTIGO 11º.- INFRACCIÓNS E SANCIO NS.

No tocante a cualificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable que a desenvolve.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A presente Ordenanza derroga a aprobada polo Pleno en sesión celebrada o 1 de agosto de 2000, e publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia número 262 de 15 de novembro de 2000, así como todas as súas modificacións posteriores.

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da Ordenanza.”

Sra. alcaldesa: con esta modificación da Ordenanza, o que facemos é adaptarnos por un lado á Directiva marco de auga e a nova Lei da augas de Galicia que está recentemente publicada. Como ben se dixo desaparecen os mínimos, ata agora existía ese tramo mínimo polo que todos os usuarios pagaban o que eran trinta metros cúbicos ao trimestre, ao desaparecer estes mínimos a xente vai pagar polo realmente consumido; isto fai que nos tramos mais baixos incluso saian beneficiados, tamén o que se persigue é impulsar e beneficiar os consumos mais baixos e penalizar os mais altos, porque así se establece na Directiva marco.

Si que é certo que os veciños que teñan o servizo da depuración existente ao día de hoxe, que xa son moitos, ata agora non estaban pagando ese servizo, o concello facíase cargo; levamos varios intentos dende o ano 2008 e estaba sempre esa Lei de augas aí pendente, e xa digo, podería parecer unha excusa pero foi un tema técnico polo cal non se fixo este traballo; é dicir, os veciños aforraron eses cartos porque anteriormente o que estaban facendo era baleirar unha fosa séptica.

Na práctica o recibo vaise ver practicamente duplicado, porque o custo da depuración é similar ao de abastecemento de auga potable, tamén se lles comezará a cobrar aos veciños que non son usuarios da rede municipal, senón que son de redes veciñais, ou que teñen pozos pero están depurando esas augas, en todo caso si que se fará, se se aproba, e despois do período de exposición non hai alegacións, ou se as hai e se estimen, farase unha exposición porque pensamos que é algo que a xente debe entender e tomar as medidas tendentes ao aforro que cada un considere.

Que non é o mellor momento para cobrarlle á xente, pois non o é, pero tampouco é o mellor momento para que un concello siga aguantando con algo que non debe ser así. Xa se establecían na Ordenanza reducións tendentes ás tarifas de dereitos de engancho, certo que non ás facturas, pero aínda así o veciño usuario que nalgún momento non puido pagar unha factura de Aquagest están os servizos sociais e a emerxencia social para facerse cargo diso, co cal non estamos a favor de facer ese tipo de tramos que propoñen os concelleiros non adscritos, xa estamos facendo a redución, e ademais estamos facendo que sexan os propios veciños os que por eles mesmos aforren o máximo posible.

O tema da auditoría é algo que, efectivamente, despois de dez anos non viría mal; si que é certo que nalgún sitio os bombeos están deficientes e poñeranse en funcionamento antes do un de xaneiro que é cando se lle vai repercutir esa taxa aos veciños.

Sra. voceira do PP: soamente agradecerlle a aclaración con respecto ao servizo de depuración, nos imos votar a favor.

Sr. concelleiro non adscrito: nós xa o falei antes, o nos voto é en contra por esas dúas razóns.

Sr. voceiro de Veciños de Bergondo: nos votamos a favor, ademais hai que recordar que as persoas que teñen problemas para poder pagar a factura da auga poderán ser compensado a través dos servizos sociais. Ademais para que todos os veciños saiban cales son os dereitos e os deberes desta nova aplicación, a empresa dará unhas charlas informativas; así todo o mundo saberá porque se fai esta nova normativa, e porque, ademais, temos que pagar, é o que antes se facía ben e que é o que hai que facer agora mellor.

Co tema de mantemento igual, temos que revisar antes do un de xaneiro todas aquelas infraestruturas que non están correctas.

Sr. concelleiro non adscrito: claro que están bonificadas as persoas en risco de exclusión social, pero hai persoas que sen estalo van ter moi difícil a súa economía familiar a base de todas estas subidas que está a haber; hai concellos que si son sensibles a estas cousas. O outro día comprometinme a buscar varios exemplos, e, un deles, o Concello de Alcobendas en base ao salario mínimo interprofesional fai un tramo de 1,5 do salario mínimo, que son novecentos sesenta e oito euros, aproximadamente, unha unidade familiar que ingrese eses cartos pode, ou non, estar en risco de exclusión social; despois facía outro tramo, o dous polo salario mínimo interprofesional, ese é o modelo que nos defenderíamos.

O da auditoría parécenos ben se se vai facer agora, pero debería ser previa; as explicacións da empresa están ben, pero cando se fai un contrato de case un millón de euros non podes estar confiando nos datos

da empresa soamente, temos que ter datos independentes, a empresa é parte, sen entrar a presuponer nada, agora ben *amiguiños si pero a vaca polo que vale*.

Sra. alcaldesa: os datos que presenta a empresa obviamente están cotexados pola Intervención municipal e cos informes externos, que non deixan de ser tamén unha auditoría do estudo de custos que no seu momento presentou a empresa.

Sr. concelleiro non adscrito: os que vin eu eran bastante pobres.

Sra. alcaldesa: é unha auditoría, cunha empresa ou con outra. Ao fin de contas unha auditoría non deixaría de ser tamén encargarllo a un externo.

Sr. concelleiro non adscrito: o outro día na Comisión, non se sabía se se cobrou todos estes anos pola estación de bombeo de Sampaio, polo mantemento da estación, iso é ao que me refiro. Eu non digo que se cobrara por parte de Aquagest unha estación de bombeo que non funciona, pero hai que ter ese dato, nada mais.

A continuación procedese á votación a proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: catro (4) votos a favor; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: catro (4) votos a favor; concelleiros non adscritos: dous (2) votos en contra.

Total: dez (10) votos a favor, e dous (2) en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada**, por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta aos voceiros dos grupos políticos se teñen algún asunto urxente que presentar.

Os Sr. voceiro de VB, e o concelleiro non adscrito Antón Sánchez, no seu nome e no do outro concelleiro non adscrito, manifestan que teñen dúas mocións referentes ambas ao mesmo asunto, que é o cobro do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) á Igrexa católica.

Sr. concelleiro non adscrito Antón Sánchez: non imos debater as dúas, presentariámola conxunta pero se se quere manifestar a portavoz do Partido Popular escoitámola. Aquí quedamos de presentar as mocións na Comisión.

Sr. voceiro de VB: e os dous nos esquecemos.

Sr. concelleiro non adscrito: daquela se o Partido Popular quere propoñer que se retiren, eu non teño ningún inconveniente, aínda que foi sen mala fe.

Sra. voceira do PP: vou responder a algo que escoitei, como sempre se fixo así.... , e se sempre se fixo mal pois non imos seguir facéndoo mal, pola nosa parte non hai ningún inconveniente en que entre vos debatades a moción, nós non imos aprobar a urxencia e ímonos abster na moción. O que pedimos é que se presente na maneira que quedamos, que foi hai dous meses, non dous anos.

Sra. alcaldesa: só por explicar un pouco á xente que nos escoita; preséntanse dúas mocións para intentar, imos dicilo así, o cobro do IBI á Igrexa católica, e ao resto dos cultos.

Non é que se estivera facendo mal, xa que a orde do día o fai a Alcaldía e se non se debate nas comisións informativas a forma de traer as mocións ao Pleno é mediante a declaración de urxencia.

Aquí hai moitos anos tivemos un acordo tácito dos grupos que constituíamos a Corporación de declara todas as mocións como asunto urxente para poder así debatelas. É certo que o outro día quedamos niso, que se se presentan en tempo e forma moito mellor, porque ademais evitariámonos isto, que agora hai dous grupos que propoñen a mesma moción con textos moi similares; so esta aclaración.

Por parte do grupo socialista si se votaría a urxencia en base a ese acordo que temos, e se queren retiralas e presentala para o próximo pleno e a debatemos nunha Comisión informativa.

Sr. voceiro de VB: a nós non nos importa debatela na próxima Comisión.

Sra. voceira do PP: se me permite, acabamos de votar a favor da urxencia dun tema que consideramos urxente e que xa consensuamos previamente, eu non penso que o IBI da igrexa sexa un asunto urxente porque levamos todos dous meses falando del e non me parece un tema que haxa que presentalo con carácter de urxencia.

Sr. concelleiro non adscrito á Sra. voceira: que foi o que non entendiches, porque che estou dicindo que o retiramos si ti queres, e xa está, estamos de acordo

Sra. voceira do PP: xa che estou dicindo que pola nosa parte non hai inconveniente.

Sr. concelleiro non adscrito: si que hai inconveniente, ou hai ou non, que mais queres, se hai nós non temos problema, se eles non teñen problema nós tampouco.

Sra. voceira do PP: non imos participar no debate, entón tedes quórum suficiente para levalo adiante; non estamos entorpecendo nada.

Sra. alcaldesa: o debatemos no mes de setembro, o falaremos na Comisión Informativa.

8.- DECRETOS E RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 25 de xuño ata o 20 de xullo de 2012, numerados do 390/2012 ao 505/2012. O Pleno queda enterado.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Grupo municipal do Partido Popular non presentou Rogos e Preguntas para este Pleno.

Os Sres. concelleiros non adscritos D. Antón Sánchez García e D. Juan Antonio Fariña Pedreira, presentaron as súas Preguntas o día 24 de xullo, co núm. de rexistro de entrada: 6565.

O Sr. concelleiro Antón Sánchez pasa seguidamente a formularlos; son as seguintes:

PREGUNTAS:

1) No pasado pleno de xuño, a unha pregunta nosa, a alcaldesa afirmou non ter constancia de que a empresa concesionaria do servizo de axuda no fogar estivera a incumprir as súas obrigas económicas coas súas traballadoras. ¿Segue o goberno municipal sen ter constancia de ditos incumprimentos?.

Sra. alcaldesa: como lle dixen no anterior Pleno, non tiñamos constancia de que ningunha traballadora presentara algunha reclamación aquí no concello, e seguímola sen ter.

No seu momento houbera unha serie de escritos nos que manifestaban a súa contrariedade con respecto aos contratos que lles facía a nova concesionaria; neste caso non houbo ningún, e temos previsto facer unha revisión dos TCs e de toda a documentación que, ademais, teñen a obriga por contrato de presentarnos, e que si están a facer; o miraremos á volta do verano.

Aínda así, falado telefonicamente coa empresa, tampouco teñen constancia de nada, e para eles todas as nóminas están correctas. Xa digo, se alguén ten algunha discrepancia con respecto a iso, non estaría de mais que viñese ao concello a presentar un escrito, e se considera que non o debe facer por dar non nomes, pode vir falar coa concelleira ou comigo, non habería problema, así teríamos datos para reclamarlle á empresa, referidos a persoas en concreto.

Sr. concelleiro non adscrito, Antón Sánchez: o concello ten que ter acceso a todos eses datos, non necesita ningunha reclamación para ter acceso, e ten que vixiar activamente que se cumpran, o concello neste caso non é un actor neutral, é parte dun contrato, e como parte ten que vixiar que non lle estean estafando cartos e non llos estean estafando aos traballadores ou traballadoras. Que está todo ben, perfecto.

Non fan falta reclamacións, hai que preocuparse de vixiar que se cumpre cos Pregos.

2) Como están, a día de hoxe, os trámites do goberno municipal coa Consellería de Sanidade, para dar cumprimento á moción sobre alleamento e cesión a dita consellería dos centros de saúde de Bergondo e Guísamo, segundo moción aprobada polo pleno do día 24 de setembro de 2.009?.

Sra. alcaldesa: non facía falta que se aprobase ningunha moción naquela data, porque eu recordo perfectamente que foi a partir das comunicacións da propia consellería. Como lle dixemos no pleno anterior é un tema que aínda está pendente de que volvamos a retomalo e ver onde quedamos en canto á tramitación do expediente.

Sr. concelleiro non adscrito: pois unha vez mais, instar á Alcaldía para que axilice isto, porque hai unha semana que a Consellería de Sanidade enviou a Fegamp todos os centros que se transfiren e hai as datas de comezo, hai concellos que tomando o acordo polas datas que, mais ou menos, o tomou Bergondo xa o teñen transferido desde a semana pasada.

Sra. alcaldesa: somos coñecedores dese listado.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e vinte e cinco minutos remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario, dou fe.

O secretario xeral

V. e Pr.:
A alcaldesa

Federico Suárez Cancelo

Alejandra Pérez Máquez